

Intertextual

Comisario: Ángel Calvo Ulloa

A intertextualidade, segundo as palabras de José Ángel Valente, non se pode entender referida unicamente á relación entre creadores do campo da literatura. As influencias teñen que romper con esa serie de divisións invisibles e conectar dese xeito as artes plásticas coa poesía, ou a música co pensamento filosófico, dando lugar a múltiples diálogos que deben ter como lugar común o día a día, a cotianidade.

***Intertextual* parte dunha selección de artistas pertencentes a unha mesma xeración, voceiros da realidade artística nacional e internacional dos últimos anos, que atopan nesa conexión de influencias un campo de traballo ideal. O espazo de tempo é un ano durante o que se levarán a cabo cinco intervencións: Carlos Maciá, Mauro Cerqueira, Juan López, Fernando García e June Crespo.**

La intertextualidad, según las palabras de José Ángel Valente, no se puede entender referida únicamente a la relación entre creadores del campo de la literatura. Las influencias tienen que romper con esa serie de divisiones invisibles y conectar de ese modo la artes plásticas con la poesía, o la música con el pensamiento filosófico, dando lugar a múltiples diálogos que deben tener como lugar común el día a día, lo cotidiano. *Intertextual* parte de una selección de artistas pertenecientes a una misma generación, portavoces de la realidad artística nacional e internacional de los últimos años, que encuentran en esa conexión de influencias un campo de trabajo ideal. El espacio de tiempo es un año durante el cual se llevarán a cabo cinco intervenciones: Carlos Maciá, Mauro Cerqueira, Juan López, Fernando García y June Crespo.

According to José Ángel Valente, intertextuality cannot be understood if exclusively referred to the relationship between creators coming from the field of Literature. Influences have to break this series of invisible divisions and integrate fine art in poetry, music in philosophical thought, and therefore opening a communication to the viewer which shall merge in current, everyday life. *Intertextual* starts from a selection of artists belonging to the same generation: representatives of the national and international artistic reality of the recent years, which find in this connection of influences the ideal work space. Over the course of a year MARCO will host five artists that will present their own site specifics: Carlos Maciá, Mauro Cerqueira, Juan López, Fernando García and June Crespo.

Fernando García

Canaval

13 de novembro 2015 — 24 de xaneiro 2016

Anexo

Fernando García

Canaval

13 de novembro 2015 — 24 de xaneiro 2016

Canaval, de Fernando García, comezou a materializarse durante unha estancia en Canadá, onde foi acumulando moedas dun dólar sen unha intención concreta, e que unha vez aquí funcionan como elemento foráneo, testemuña da viaxe e do propio proceso de recolección. Estas moedas insírense nas fendas practicadas en canas de bambú, descubertas durante unha viaxe a El Puerto de Santa María, que agora cobran protagonismo nesta instalación. Ao mesmo tempo, establece unha relación entre o interior e o exterior do Anexo por medio dunha serie de fotografías tomadas en Galicia en 2014, que se insíren en molduras realizadas en granito. Existe en Fernando García un interese polo traballo cos materiais, polo proceso e polo encontro entre as diferentes partes que configuran a obra. Ao coidado posto na realización das fendas no bambú, únese a introdución desas pequenas moedas e a dúbida que se prolonga ata que esa unión ten lugar. O mesmo acontece coas fotografías e o granito, que falan do circundante, da propia arquitectura do museo e do que está do outro lado das súas paredes. A unión implica un achegamento entre dous materiais cuxa relación é un interrogante, e pon de relevo o papel que os tempos de cada acción operan en todo o proceso.

Cañaverl, de Fernando García, comenzó a materializarse durante una estancia en Canadá, donde fue acumulando monedas de un dólar sin una intención concreta, y que una vez aquí funcionan como elemento foráneo, testigo del viaje y del propio proceso de recolección. Estas monedas se insertan en las hendiduras practicadas en cañas de bambú, descubiertas durante un viaje al Puerto de Santa María, que ahora cobran protagonismo en esta instalación. Al mismo tiempo, establece una relación entre el interior y el exterior del Anexo por medio de una serie de fotografías tomadas en Galicia en 2014, que se insertan en molduras realizadas en granito. Existe en Fernando García un interés por el trabajo con los materiales, por el proceso y por el encuentro entre las diferentes partes que configuran la obra. Al cuidado puesto en la realización de las hendiduras en el bambú, se une la introducción de esas pequeñas monedas y la duda que se prolonga hasta que esa unión tiene lugar. Lo mismo ocurre con las fotografías y el granito, que hablan de lo circundante, de la propia arquitectura del museo y de lo que está del otro lado de sus paredes. La unión implica un acercamiento entre dos materiales cuya relación es un interrogante, y pone de relieve los tiempos de cada acción en todo el proceso.

Cañaverl [Reed bed] by Fernando García, arose during his artistic residency in Canada, where he began collecting dollar coins without any specific intention. Once returning from the trip the coins became foreign items brought from abroad, i.e. evidence of García's journey and of the collection process itself. The coins are now inserted into the slits carved into bamboo reeds he came across during a trip to El Puerto de Santa María. The bamboo has become a key element in the present installation. At the same time he establishes a relationship between the interior and exterior of the Anexo through a series of photographs taken in Galicia in 2014 and which are mounted in frames made from granite. In Fernando García there is a defining interest in working with materials, in the process and in the encounter between all of the different parts which constitute the work of art. The care taken when cutting into the bamboo reeds is united with the insertion of the coins and the doubt which is prolonged until the union takes place. The same thing occurs between the photographs and the granite, which speak about the immediate surroundings, the museum's architecture, and about what is behind the museum walls. The union implies in both cases not only the joining of two materials, the relationship between which is unknown, but also the role of time in each action throughout the entire process.